

ACTA CONSELLLO DAS MAREAS 2 ABRIL 2017

Sendo as 17:30 horas do día 2 de abril de 2017, reúnense os membros electos do Consello das Mareas para tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación de actas.
2. Suplencias da comisión de garantías.
3. Documento político.
4. Elección da coordinadora e voceiría/s.
5. Estado das finanzas e da carta financeira de EM
6. Local.

Asisten:

Luís Villares, Victoria Esteban, Xosé Manuel Beiras, Gladys Afonso, Iago Martínez, Noemí Prados, Javier Octavio de Todelo, Sara Torreiro, Pedro José Rivera, Ana María Seijas, Rafael Dopico, Elena Cores, Borja San Ramón, Paula Rodríguez Domínguez, Adrián Fuenteseca, Sara Outeiral, Mariano Enrique Fernández, Oriana Méndez, Gonzalo Rodríguez, Davíde Rodríguez, Iria Morgade, Modesto Renda, María Esther Duro, Alfonso Diz, Sonia Vidal, Pablo Alonso Pérez, Xurxo Triñanes, Consuelo Martínez, Mario López Rico, Paula Vázquez Verao, Francisca Rodríguez e Iris Malvido.

Ausentes:

Thais Rivera, Ares Jiménez e Mónica González.

Modera Sara Torreiro.

Levanta acta Mariano E. Fernández.

Previamente ao inicio da xuntanza Gonzalo Rodríguez fai unha proposta que afecta a boa parte dos asuntos da Orde do Día, nomeadamente á elección das suplencias para a Comisión de Garantías, a composición da comisión de coordinación, voceirías, contido do documento político e a reclamación interposta pola candidatura Queremos Participar.

A proposta é a seguinte:

- Proceder á elección de suplentes da Comisión de Garantías de xeito análogo á escolla dos titulares.
 - Recoñecer con carácter xeral o documento político presentado pola Candidatura Máis Alá, ca excepción das voceirías, que corresponderían a Luis Villares coma voceiro xeral e a dúas mulleres por determinar.
 - Proponse unha candidatura para a Coordinadora cunha composición na seguinte proporción respecto ás candidaturas 7 persoas para a Candidatura Máis Alá, 3 para a candidatura Somos Quen, 1 para a candidatura Queremos Participar.
- A proposta non acada o consenso necesario para ser tratada, de xeito que se procede a celebrar a xuntanza de acordo ca Orde do Día.

1. Aprobación de Actas de Consellos anteriores

Apróbanse por unanimidade

2. Suplencias da Comisión de Garantías

Tras varias propostas de nomes e un breve debate apróbase que as suplencias sexan nominais, segundo a correlación seguinte:

Titular	Suplente
Adrián Acción	Maite Álvarez
Noemí Martínez	Silvia Gutiérrez
Manuel Nogueira	Xermán Tobío
Chema García	Andrea Bernárdez
Mariló Candedo	Cristina Pérez

3. Documento político

De acordo co punto 3 da xuntanza anterior, quedara decidido enviar telemáticamente a documentación referente a aqueles puntos de disenso sobre os que se considere oportuno debater, tomándose como base de debate o documento político da candidatura Máis Alá.

Presentouse somentes un texto alternativo a cargo de Alfonso Diz, que procede a expoñelo.

Resumindo sucintamente, as diferencias que presenta o documento alternativo son a proposta dunha proporcionalidade na composición da Coordinadora de 6

integrantes pertencentes á candidatura de Máis Alá, 3 á de Somos Quen e 2 á de Queremos Participar. Propón o establecemento dunha voceiría única, e por último, faise unha proposta en materia de extensión territorial que é copia textual dos acordos constituintes de Vigo.

Procédese ao debate do texto. Durante o mesmo, Mariano Enrique Fernández, Gladys Afonso, Iago Martínez, Noemí Prados, Javier Octavio de Toledo, Pedro José Rivera, Rafael Dopico, Borja San Ramón, Paula Rodríguez Domínguez, Adrián Fuenteseca, Sara Outeiral e Oriana Méndez, solicitan que conste en acta que estiman incompetente a este órgano para facer emendas de supresión ou modificación do acordo político da candidatura Máis Alá (non así de adición, que poderían ser aplicadas) xa que foi o documento votado maioritariamente polas persoas inscritas, ademais de que a institución dunha voceiría unipersonal da Comisión de Coordinación entra en contradición cos acordos constituíntes de Vigo. E que por ambas as dúas razóns solicitan así mesmo que conste a súa renuncia a votar un acordo que consideran ilexítimo.

Antes de procederse á votación prodúcese a dúbida sobre a procedencia da admisión de voto delegado, que se denega por maioría.

Tamén prodúcese a controversia acerca do xeito de votar a proposta, acordándose a votación do documento completo, coa excepción da composición da Coordinadora.

Procédese á votación co seguinte resultado:

- 18 votos a favor
- 0 votos en contra
- 2 abstencións

4. Elección da Coordinadora do Consello das Mareas e as súas voceirías

Debátese sobre o procedemento para escoller ás persoas integrantes da Coordinadora e decídese votar primeiro a proporción de persoas a elixir por cada candidatura, antes de escoller os nomes concretos. Soamente hai unha proposta, que se escolla seguindo o criterio de maior proporcionalidade (6-3-2) co seguinte resultado:

- 19 a favor
- 13 en contra
- 0 abstencións

De seguido debátense os nomes concretos e o sistema de elección deses nomes aprobándose elixir conxuntamente a proposta final de persoas integrantes da Comisión, con expresión incluída da persoa que ostentará a voceiría da mesma.

Proponse inicialmente a seguinte Coordinadora:

Esther Duro, Alfonso Diz, Modesto Renda, Mario López, Consuelo Martínez, Rafael Dopico, Iago Martínez, Noemí Prados, Luis Villares, Victoria Esteban e Ana Seijas.

Modesto Renda renuncia a formar parte da mesma.

Iago Martínez non acepta formar parte da mesma.

Noemí Prados non acepta a formar parte da mesma.

Rafa Dopico non acepta formar parte da mesma.

Durante o debate inmediatamente posterior, Mariano Enrique Fernández, Gladys Afonso, Iago Martínez, Noemí Prados, Javier Octavio de Toledo, Pedro José Rivera, Rafael Dopico, Borja San Ramón, Paula Rodríguez Domínguez, Adrián Fuenteseca, Sara Outeiral e Oriana Méndez, solicitan que conste en acta a súa negativa a participar da votación por canto estiman que tanto a voceiría única, coma a pertenza en calidade de membros electos da Comisión de persoas con responsabilidades no Grupo Parlamentario son contrarios ao acordo político votado pola maioría das inscritas e aos acordos constituíntes aprobados en Vigo, e son por tanto, nulos de pleno dereito.

Gonzalo Rodríguez propón que se nomee nesa mesma votación a Ester Duro e a Ana Seijas como vicevoceiras. Retírase a proposta para esta votación quedando pendente para a aprobación na seguinte xuntanza do consello.

Finalmente proponse a seguinte Coordinadora:

Luís Villares (Voceiro), Gonzalo Rodríguez, Elena Cores, Ana María Seijas, Sara

Torreiro, Victoria Esteban, Iria Morgade, María Esther Duro, Alfonso Diz, Consuelo Martínez e Mario López Rico.

Procédese á votación co seguinte resultado:

- 18 votos a favor
- 0 votos en contra
- 2 abstencións

4. Estado das finanzas e da carta financeira de En Marea

Propónse adiar a maior parte do punto e se traslada a información da perda da subvención a partidos políticos do presente exercicio por canto non houbo gastos para xustificala.

5. Local

Infórmase das opcións que se están a barallar de cara á escolla dun novo local, compartido con Compostela Aberta e habilítase a Borja San Ramón e Esther Duro a proseguir coas xestións de cara á súa consecución (adxúntase documento cun informe pormenorizado).

Sen outro particular, péchase a sesión.